

EIXE 2 | A Recuperación como meta

ATENCIÓN INTEGRAL A PERSOAS VULNERABLES CON TRASTORNOS DE SAÚDE MENTAL

Entidade executante

Cruz Vermella Lugo (<https://www.cruzroja.es/principal/gl/web/provincial-lugo/index>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Lugo

Persoas destinatarias

Homes e mulleres especialmente vulnerables que participan nos proxectos de Cruz vermella: UAD e Atención a persoas sen Fogar, con problemática de adicións e/ou saúde mental.

Obxectivos

Xeral: Mellora da calidade de vida de persoas con adicións e/ou problemas de saúde mental, que carezan de recursos persoais para iniciar ou levar a cabo procesos de coidado e tratamento, mediante accións de promoción da saúde, prevención, acompañamento, mediación e seguimento dende un enfoque de traballo en rede con outros niveis de atención involucrados no caso.

Específicos:

Mellorar a xestión da incidencia na saúde e no benestar persoal da situación de adición e/ou trastorno mental.

Metodoloxía

Ten en conta a transversalidade da intervención. A perspectiva de xénero, o desenvolvemento de capacidades e habilidades persoais, entre outros.